

”

Tíralle da lingua é un proxecto da AS-PG, dirixido ao alumnado e profesorado de todo o país, co obxectivo de normalizar o uso oral da nosa lingua, converter o idioma en instrumento de comunicación normal, de creación e recreación de historias...de lingua de uso do noso sistema educativo, en definitiva, de devolverlle ao galego o espazo que lle corresponde.

O proxecto “TÍRALLE DA LINGUA” consta de dúas fases: estas xornadas de expresión oral, dirixidas ao profesorado, nas que se intenta proporcionar técnicas para traballar a oralidade na aula e un concurso de relato oral, dirixido ao alumnado de toda Galiza cunha fase final que se celebra no mes de maio en Compostela.

XVII XORNADAS DE EXPRESIÓN ORAL *Tíralle da lingua*

Solicitada a homologación por 8 h lectivas.

Matrícula gratuita.

A matrícula, realizarase a través da web da as-pg www.as-pg.gal, no apartado de Formación.

O número de prazas é limitado e cubrirase por rigorosa orde de inscrición tendo en conta que hai unha reserva máxima dun 30% para aquelas persoas que nunca traballasen como docentes para a Consellería de Educación.



“

”

XVII XORNADAS DE EXPRESIÓN ORAL *Tíralle da lingua*

SÁBADO 26 DE NOVEMBRO

IES As Fontiñas, R/ Estocolmo 5.
Santiago de Compostela



XVII XORNADAS DE EXPRESIÓN ORAL

PROGRAMA

De 09:45h a 10:00

Recepción e entrega de material

De 10:00 a 12:30

O PROXECTO REGUEIFESTA: IMPROVISAR PARA TRANSFORMAR O CAMINHO DA LINGUA. *Séchu Sende, Manolo Maseda e Alba María.*

Com a intención de crear unha regueifa expansiva, a Regueifesta chega ao Tira-lhe da lingua na procura de persoas com vontade de transformar através dum principio de base: o proceso educativo tamén debe ser un proceso de participación directa e compartida de alunado, profesorado e outros agentes. Desde a raíz da identidade propia improvisamos para ser mais livres.

De 12:30 a 14:00

A LINGUA DAS ÁRBORES. *Anxo Moure, O Carballo con Botas.*

As árbores falan, contan historias cando o vento move as pólas ou a chuvia cae nas follas. As árbores tamén teñen nome, mesmo algunha delas media ducia. O contacontos Carballo con Botas, fai unha proposta lúdico pedagóxica para achegar o mundo da escola ao falar de teixos, acivros, freixos, buxos, sobreiras... Aprender a "atrapar contos", cociñar historias que alimentan a imaxinación, que nos dan raíces de bosque.

Tiralle da lingua

De 16:00 a 18:00

O POTENCIAL DA RADIO NA AULA. *Carmen Novas da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso).*

As metodoloxías educomunicativas veñen revelándose eficaces non só para traballar contidos, entre eles os da formación en valores, senón tamén habilidades coma a expresión oral ou as competencias lingüísticas. Reflexionaremos sobre algunhas claves e exemplos da comunicación para o cambio social e remataremos poñendo en práctica a teoría cun miniobradoiro de cuñas radiofónicas.

De 18:00 a 20:00

AULAS SEN PAREDES: UNHA NOVA METODOLOXÍA PARA O ENSINO E APRENDIZAXE DE LINGUA. *Rosalía Fernández Rial, profesora e poeta.*

Sesión teórico-práctica na que se expoñerán primeiro as coodenadas epistemolóxicas nas que nos situamos para a continuación desenvolver un obradoiro cunha dinámica concreta na que se empregará a expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica para o ensino e aprendizaxe da oralidade e a expresión corporal nas áreas de linguas.

Ás 20:00 Clausura

XVII CONCURSO DE RELATO ORAL: TÍRALLE DA LINGUA

BASES DO CONCURSO

- 1ª As historias poderán ser de base popular, de base literaria ou creación propia.
- 2ª As historias contarase en galego.
- 3ª Nas historias valorase a calidade lingüística e o seu carácter construtivo e pedagóxico (linguaxe non discriminatoria, linguaxe non sexista...)
- 4ª Os/as participantes concursarán individualmente ou en grupo, pero sempre respectando o tempo máximo por actuación que será de 5 minutos. A superación dese tempo pode supor a descalificación. Poderán participar cun máximo dunha historia.
- 5ª O concurso vai destinado a tres niveis académicos.
 - 1) Primaria.
 - 2) 1º Ciclo de ESO.
 - 3) 2º Ciclo de ESO e ensino postobrigatorio.
- 6ª O concurso farase en dúas fases con carácter selectivo:
 - 1) A nivel centro de ensino.
 - 2) A nivel nacional.
- 7ª Na primeira fase será o propio centro o que determine e se responsabilice dos posibles premios aos concursantes. O número de concursantes que pasarán da primeira á segunda fase determinarase en función da participación, o que se comunicará aos centros.
- 8ª A formalización da inscrición no concurso por parte dos centros realizarase antes do día 19 de abril enviando un e-mail a: informacion@as-pg.com, recibirán confirmación da inscrición e dos datos que deben completar.
- 9ª A fase final celebrarase a finais de abril en Santiago, en dous grupos diferentes: un para primaria e primeiro ciclo de secundaria e outro para segundo ciclo de secundaria e ensino postobrigatorio.
- 10ª Na fase final concederase un primeiro premio por nivel cun valor de 250 euros e un segundo, se o xurado así o estima por valor de 150 euros. Os centros de ensino dos participantes gañadores recibirán un premio do mesmo importe.
- 11ª O xurado estará composto por tres persoas alleas aos centros participantes con experiencia nestas actividades, actuando de secretario/a un representante de Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- 12ª O xurado emitirá o ditame o mesmo día da celebración do concurso.
- 13ª A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases.